

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZOS DA PISCINA

Artigo 1º.- Concepto.-

De conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 en relación co artigo 20.4.o), ámbolos dous da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación dos servizos de piscinas, especificada nas tarifas contidas no apartado 2 do artigo 6º seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Feito imponible.-

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos da piscina, especificada na tarifa desta taxa.

Artigo 3º.- Obriga do pagamento.-

- 1.- A obriga do pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace desde que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades especificadas no artigo 2º anterior.
 - 2.- O pagamento desta taxa efectuarase no momento de entrar no recinto, tratándose de non socios, ou ó solicita-lo alugamento dos obxectos ós que se refire o artigo 2º.
- Os socios deben satisfacer previamente a cota que se establece nas datas e lugares que se establezan.

Artigo 4º.- Suxeitos pasivos.-

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 5º.- Base imponible e liquidable.-

Tomarase como base do presente tributo o número de persoas que efectúen a entrada ou sexan socios, así como o número de horas ou fracción de utilización das instalacións, xunto coa superficie dos carteis publicitarios.

Artigo 6º.- Cota tributaria.-

É a utilización das instalacións polas persoas inscritas no padrón de habitantes do municipio ou as procedentes doutros municipios que desexen utilizar este servizo, sen prexuízo das medidas que se poidan adoptar pola Alcaldía para limitación en caso necesario, da asistencia destas persoas.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a seguinte:

- A) Inscritos no padrón municipal de habitantes:

1.- Abonos por tempada:

- a) Familiar, entendéndose pais e fillos menores de 15 anos: 18 euros
- b) Adultos, maiores de 15 anos: 6 euros
- c) Menores ata 15 anos: 3 euros.

2.- Cota diaria, usuarios segundo apartado 1:

- a) Familiar: 2 euros
- b) Adultos: 1 euros
- c) Infantís: 0'50 euros
- B) Non inscritos no padrón municipal de habitantes: adultos 3 euros e infantís 2 euros.

C) VISITANTES:

Previa solicitude dun empadroado neste municipio, poderá expedirse un bono que autorice a utilización da piscina por prazo dun mes a un visitante non empadroado nos Concello limítrofes con Barbadás.

O prezo deste bono será de 18 € por quincena natural, podendo prorrogarse durante a temporada.

Disposición final.- A presente Ordenanza entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2005.

Barbadás, 09 de xullo de 2004

O alcalde